

## 8 PROPOSTAS PARA UN MUNICIPALISMO ALTERNATIVO

1. Eliminar todos os cargos de confianza e xerar aforro.
2. Acabar cós privilexios retributivos dos cargos electos e fixar o soldo dos políticos sen que este supere a media de soldos de cada concello.
3. Implementar o control directo dos servizos públicos vía municipalización ou fórmulas alternativas que garantan a xestión sen intervención de empresas privadas.
4. Establecer mecanismos que fomenten a participación cidadá para crear espazos de reflexión e decisión que fomenten a democracia directa no ámbito local.
5. Reducir a xornada laboral progresivamente ata as 35 horas semanais, co fin de repartir o traballo como medida urxente para fomentar a ocupación, acompañado dunha política retributiva das traballadoras e traballadores públicos máis xusta e solidaria entre categorías profesionais.
6. Establecer un convenio único que integre condicións dignas para todas as administracións locais e garantir os mesmos dereitos laborais e sociais dos traballadores e traballadoras.
7. Reivindicar un sindicalismo baseado na acción directa e na democracia real, fomentando o assembleísmo, a solidariedade e a axuda mutua entre os traballadores e traballadoras públicas fronte ao actual modelo baseado na delegación e a suplantación da opinión dos traballadores e traballadoras.
8. Defender a figura única de traballador/a público fronte á dualidade clasista e discriminatoria que fai o EBEP entre funcionarios/as e persoal laboral.

## ¡¡¡É TEMPO DE LOITAR!!!

Este é un momento histórico. Retrocedemos no tempo coa perda de dereitos sociais e laborais. A desprotección ten substituído á xustiza social pola que traballaron os nosos avós e nosos pais, e pola que tantos homes e mulleres deron a súa vida. Da nosa loita dependerá o futuro que leguemos aos nosos fillos e fillas. Non é tempo de renderse, é tempo de loitar, de dicir: **Abonda de capitalismo depredador!**

Á maioría de políticos, faltos de máis visión de futuro que a de gañar as próximas eleccións, lles resulta incómodo que os funcionarios exerzan o seu criterio profesional dende a independencia, de acordo á legalidade, e por iso teñen cuestionado toda a función pública ante a cidadanía, caricaturizándoa, desprestixiándoa e tratando aos traballadores e traballadoras públicos de "casta privilexiada". **Corremos o perigo de precarizar toda a función pública, porque sen estabilidade laboral non pode haber independencia profesional.**

Esiximos unha administración que xestione os recursos públicos de xeito solidario, que redistribúa a riqueza de forma equitativa e que traballe para erradicar a inxustiza social, e non unha administración paternalista e asistencial.

A CGT promove diversas mobilizacións sociais en favor dos servizos públicos, tanto nas rúas como nos centros de traballo, das cales recibirás información puntual. Os traballadores e traballadoras públicas estamos máis comprometidos que ninguén na súa defensa. Loitamos pola independencia profesional, a proximidade e a eficiencia dos servizos para a cidadanía; loitamos pola proporcionalidade, a equidade e a xustiza da súa xestión.

**¡¡¡MOBILÍZATE PARA NON PERDER NIN O TEU FUTURO**

**NIN O DE XERACIÓNS FUTURAS!!!**

## NINGUNHA REFORMA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL



**CGT CONFEDERACIÓN GENERAL DEL TRABAJO FETAP**  
Federación Estatal Trabajadores da Administración Pública

<http://fetap.cgt.es>

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)

### Pretenden privatizar a Administración Local, e mailos seus Servizos Públicos

Desde hai anos o neoliberalismo, representado polos mercados, as elites financeiras e políticas, veñen realizando un ataque directo contra os Servizos Públicos. Esta ofensiva ten un claro obxectivo: **apropiarse dos Servizos Públicos** porque representan unha fonte de riqueza moi atractiva para o sector privado; en consecuencia pretenden apropiarse do público e colectivo, para obter o máximo beneficio posible.

Partindo desta máxima, os gobernos do PP-PSOE, veñen legislando para crear o **marco legal que facilite**, ao capital privado, o acceso á xestión de todos os Servizos Públicos. Nesta ocasión o obxectivo é a Administración Local.

A Administración Local, e concretamente os Concellos, son a administración máis próxima e alcanzable á cidadanía para realizar o seguimento duns Servizos Públicos axeitados, esixindo uns bos servizos (abastecemento de augas, recollida do lixo, servizos sociais, infraestrutura e actividades culturais etc.), para iso os Concellos gozan de autonomía para desenvolver estas actividades. O goberno do PP, cunha nova lei, **27/2013 27 de decembro de sostibilidade racionalización da Administración Local**, pretende acabar con esta autonomía, posibilitando a **privatización dos Servizos Municipais**, e nalgúns municipios, todos os menores de 20.000 habitantes, mesmo se lle retirarán as competencias destes servizos.

## Mentiras do PP sobre o seu proxecto de Administración Local.

1. Din que o novo proxecto para a administración local é para reducir os cargos políticos, o persoal eventual que nomean os partidos, e os soldos destes.



**Mentira:** A táboa do número de persoal eventual que establece a nova lei, é moi elevado, por exemplo en municipios de 20.000 habitantes poderanse nomear ata sete asesores ou asesoras, e en municipios de 300.000 habitantes ata 29 asesores ou asesoras. E os salarios de alcaldes e alcaldesas segue a ser moi elevado: nos municipios maiores de 500.000 habitantes poderán recibir ata 100.000 euros anuais, en municipios de 300.000 o soldo será de ata 90.000 euros, incluso nos municipios de 20.000 habitantes o soldo pode ser de 45.000 euros anuais. O mesmo que os soldos de calquera cidadán ou cidadá, non sí?

2. Din que se quere evitar duplicidades nas competencias das administracións e manter a sostibilidade financeira:

**Mentira:** Os gobernos locais no conxunto do Estado, ofrecen unha porcentaxe de débeda sobre o total, de menos do 5% (da cal máis da metade a ten Madrid). A realidade é que coa lei só pretenden quitar competencias á administración máis próxima, que son os Concellos, e en todos os casos, a pretensión é **privatizar os Servizos Públicos Municipais**,

que actualmente se prestan por empresas públicas, ou directamente pola administración.

A privatización leva consigo que as administracións non precisen, en anos, máis persoal, polo que as e os cidadáns non poderán acceder a un emprego público, non haberá ofertas de emprego, e ademais as queixas da cidadanía teranse que presentar a unha empresa privada, co que se perde o poder de esixir unha mellor xestión aos representantes políticos, que son aos que lles votan.

Sen dúbida os servizos privatizados entregaranse ás empresas dos seus amigos e amigotas.

## Consecuencias para as persoas.

1. **Privatización dos servizos públicos municipais, peor calidade nos mesmos:** A privatización dos servizos públicos municipais non persegue aforrar custos, de feito a privatización é máis cara que a xestión pública. O obxectivo esencial de privatizar é engrosar os beneficios das empresas privadas, baseándose en explotar aos traballadores e traballadoras, e escatimar na calidade do servizo. O resultado é desastroso para a poboación xa que a privatización transfere cuantiosas cantidades de millóns de euros dos orzamentos dos concellos ás contas das empresas privadas que aumentan os seus beneficios deteriorando a calidade dos servizos públicos.
2. **Menos ofertas de traballo público para as persoas en paro:** A posibilidade de acceder a un emprego público, mediante algunha oposición se reducirá drasticamente, todos os empregos haberá que mendigalos nas empresas privadas adxudicatarias.
3. **Servizos municipais máis caros:** As empresas adxudicatarias queren sacar o máximo beneficio posible, coa diminución dos salarios e os medios materiais, non será suficiente, e se acabará traducindo nunha subida de taxas e prezos dos servizos públicos.
4. **Entréganse as infraestruturas dos servizos municipais ás empresas privadas:** Cando se adxudican os servizos públicos municipais ás empresas privadas, entrégaselles tamén toda a infraestrutura dese servizo (camións, colectores, locais etc.) que se ten pagado có diñeiro público de todos e todas. A empresa úsaos, e cando se deterioran, abandonan a adxudicación, ou esixen que có diñeiro dos nosos impostos, lle repoñamos de novo a infraestrutura. Diñeiro de todas e todos para beneficio dunha empresa. Con esta nova lei, ademais preténdese vender os locais dos Concellos a prezo de saldo. Xa teñen anunciado que pretenden recadar 15 mil millóns pola venda de locais públicos.